

Un breve percorrido por *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego* (1916-1926): lingua galega e compromiso

SILVIA MUÍÑO NAVEIRA*

Sumario

A sociolingüística ou socioloxía da linguaxe é unha rama dos estudos lingüísticos relativamente recente, máis aínda se nos centramos no caso galego onde os estudos focados na lingua teñen unha traxectoria máis curta, debido ás especiais características históricas do noso país. A chamada historia externa do galego, a que reflicte a relación entre a lingua, a cultura e a sociedade, estivo eivada ao longo de moito tempo da atención que precisaba unha situación de relación de conflito lingüístico como a que leva séculos producíndose na Galiza. No primeiro cuartel do século pasado os xornais marcan toda unha xeración de intelectuais, escritores e activistas sociais unidos polo sentimento de pertenza ao país e a defensa da lingua galega. Algunhas das cabeceiras máis destacadas como *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego* son as testemuñas deste discurso e mesmo en ocasións da súa efectividade, do compromiso co galego e da súa achega á loita pola superación do conflito lingüístico.

Abstract

Sociolinguistic or language sociology is a relatively recent branch of the linguistic studies. In the case of galician it is even more recent. Due to the special historic characteristics of our country the studies have a shorter life. The so-called external history of galician, the one that shows the relationship between language, culture and society, lacked for a long period the attention that was needed in a situation of linguistic conflict such as the one that happened in Galiza for centuries. In the first quarter of the last century journals influenced a whole generation of intellectuals, writers and social activists joined by the feeling of belonging to a country and by the defence of the galician language. Some of the most important newspapers such as *A Nosa Terra* and *El Pueblo Gallego* are witnesses to this thought and even sometimes of its effectiveness, of its commitment to galician and of its approach to the fight to overcome linguistic conflict.

0. Introducción

A época das Irmandades da Fala marcou claramente unha transición non só na historia social da lingua galega, senón tamén na historia de Galiza e do nacionalismo galego. O importante papel que exerceron as persoas que integraban as Irmandades da Fala na recuperación do prestixio social do galego, no que teñen denominado *o renacemento da fala*, foi un dos máis relevantes na historia da loita pola recuperación da consciencia nacional e a lingua galega. As Irmandades da Fala cubriron un papel importantísimo na recuperación de espazos para a lingua galega a comezos do século pasado, non só pola importancia do seu voceiro como principal cabeceira única e exclusivamente en galego naquela altura, senón tamén por seren os artífices da primeira política galega feita en galego e cunha planificación en materia de lingua que pasaba pola defensa e reivindicación da lingua galega até o restabelecemento do idioma en ámbitos que historicamente lle foran roubados polo español.

A consciencia social que os falantes dunha lingua teñen a respecto da situación lingüística do seu propio idioma é un factor determinante para o futuro deste, máis aínda

*Silvia Muíño Naveira, betanceira, é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade da Coruña e Diploma de Estudos Avanzados en Lingüística Galega. Actualmente está a realizar a tese de doutoramento no campo da sociolingüística galega e centrándose no período das Irmandades da Fala, dirixida pola profesora Goretti Sanmartín Rei.

nun caso de conflito lingüístico. Na Galiza o movemento de recuperación e defensa da lingua sempre foi parello ás inquietudes políticas do rexionalismo e, posteriormente, do nacionalismo, non só grazas á reflexión que estes movementos políticos fixeron sobre a situación de inxustiza que o pobo galego levaba a padecer séculos, senón tamén porque a lingua foi desde os románticos alemáns un dos alicerces do espírito do pobo (*volksgeist*) e como tal, os nacionalismos, e entre eles o galego, incluírana entre as súas principais reivindicacións.

Para comprendermos ben os datos que sobre a situación social da lingua se ofrecen na prensa ao longo destes dez anos é preciso lembrar cal era a situación do período precedente, é dicir, desde finais de século até a creación das Irmandades. García Turnes (1999a: 800) sinala para o período que vai entre 1875 e 1916 a respecto da situación lingüística galega que mentres que, por un lado, se albisca unha moi lenta diminución do monolingüismo en galego en favor dun «bilingüismo» galego-castelán, por outro lado, o proceso de Rexurdimento supuxo a reconquista da lingua galega de determinados ámbitos até o momento proscritos, e, por tanto, unha leve mellora tanto no status coma no corpus lingüístico. As clases altas como a burguesía e a fidalguía propiamente galegas comezarán unha irreversible deserción lingüística nun primeiro momento só nos ámbitos públicos, mais deseguido trasladarán esta iniciativa tamén ao ámbito privado. Os estratos sociais baixos do medio urbano seguirían tamén os altos e os medios no abandono da lingua «nun intento de apropiación simbólica do prestixio e do poder destes» (García Turnes, 1999c; 171). Polo que respecta á clase campesiña, a falta de mobilidade social non os instaba a aprenderen unha lingua que non lles sería útil na vida cotiá, aínda tendo en conta o importante papel que a emigración xogaríaa neste aspecto e a progresiva relevancia que acadaría esta motivación na clase campesiña.

Ademais dos datos que nos indican o nivel de emprego dunha lingua e mesmo a mobilidade lingüística que se está a producir nesta, é moi importante termos en conta outros factores sociais para unha radiografía máis completa da situación lingüística, tal e como lembra Monteagudo (1995: 78):

[...] no momento histórico que nos ocupa, a cultura dominante irradiaba o estereotipo do castelán como lingua de poder, do progreso, do ascenso social, da expresión elegante... e do galego como idioma do pobo social e culturalmente atrasado; é dicir, como idioma da expresión ruda e informal.

Posteriormente, tamén no voceiro das Irmandades da Fala encontraremos artigos en que se fai referencia ao emprego do idioma antes do nacemento da asociación, é dicir, do período previo ao tratado neste artigo e, en ocasións, a unha historia da lingua galega moito anterior que mesmo nos remonta ao pasado trobadoresco galego-portugués. Así, na altura de finais de setembro de 1917 publícase no boletín 32 de *A Nosa Terra* un traballo premiado nos últimos Xogos Florais composteláns que leva por título «Ramón Cabanillas, poeta de Raza»¹ onde o día seguinte, facendo referencia á Galiza de mediados do século XIX, e ao rexurdimento literario do xénero poético:

Cantábase en galego, traballábase en galego, pro mandábase en castelán e estudábase en castelán. E como a vida non se compón soio de cántigas; como os homes cultos de Galicia—ô selo deixaban de sere galegos—non souperon inxertar sua cultura—unha cultura empresada, estrana, ende mal imposta—no vello tronco da raza nutrido pol-a savia das cinco sestras partes da nosa terra que falan, sinten e pensan en galego, veu o divorcio antre os

nosos inteleutuaes e a masa do pobo, xenerador d'esa brétema mesta tral-a que ficaron embarrullados [...] (S.A., 1917a).

O galego como cabalo de batalla e piar ideolóxico dos «irmáns» é obxecto de múltiples reflexións na prensa galega que saía do prelo entre os anos 1916 e 1926. Ao falarmos de lingua galega na prensa non nos deteremos en pormenores de tipo gramático, ortográfico, ou, en xeral, que reflexionen sobre a norma lingüística, é dicir, cuestións que teñen a ver co corpus da lingua, senón, pola contra, interesáronos polas consideracións que a respecto do galego aparecen reflectidas en dous xornais de indispensábel consulta para coñecermonos o noso pasado histórico e mesmo lingüístico como son *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*; trataremos pois, temas que inciden no status do galego.

Non obstante, e para alén da importancia do seu voceiro, as Irmandades como asociación en si propia promoverán unha incansábel loita a prol da lingua galega e a dignificación do seu status, axudando así a que a consciencia idiomática medre tanto cualitativa como cuantitativamente posto que «nos usos lingüísticos do crecente galeguismo, o emprego da nosa lingua xa non se cinxirá ao plano literario e ás intervencións públicas rituais» (Portas, 1997). A política materializada polas Irmandades é denominada como a primeira política en galego, referíndose ao nacionalismo galego, tal e como se sinala no artigo «O idioma por riba de todo» (Villar Ponte, A. 1917d):

A nosa é a primeira política galega que se fai en galego; a primeira política que non se contradí coma se contradeciron outras ô tronaren contra da escravitú na que nos ten o Estado centralista, non facían mais que amostrarnos o pensamento galego, a y-alma galega encadeados no xugo do idioma opresor, do idioma que nos colonizou e nos ten en xeito de colonia axionllada, facéndonos lamber e bicar, cada vez que falamos en castelán, os grilos, as cadeas nas que está presioneiro o noso sere.

O movemento que promove esta política rexeneradora suporá que o nacionalismo conte cunha diferenza abismal na praxe lingüística a respecto dos movementos precedentes, o uso incondicional e absolutamente militante na lingua galega, lembremos a Monteagudo (1995) que con relación a esta mudanza sinalaba seguinte:

De feito, a actitude fronte ó emprego da lingua na actuación política muda profundamente: a utilización do galego por parte dos vetero-rexionalistas preséntase como puramente acomodaticio e inercial, o dos neo-rexionalistas ou proto-nacionalistas afirmase como innovador e militante (1995c: 78).

Os dous xornais analizados e comparados nesta ocasión, o coruñés *A Nosa Terra* e o vigués *El Pueblo Gallego*, amosan notábeis diferenzas no seu tratamento da problemática lingüística. Primeiramente, e tendo en conta o vehículo lingüístico con que transmiten as súas novas, é innegábel que hai un abismo entre un e outro xornal, mentres que en dez anos d'*A Nosa Terra* non aparece nin un só artigo en español², ou a alusión é mínima e para referirse a reflexións publicadas no resto da prensa, *El Pueblo Gallego* é un diario escrito case que completamente en español, a pesar de que xa a finais de 1925 e comezos de 1926 observemos unha clara tendencia cara á inclusión de máis espazos en galego, aínda que isto sempre proveña da caneta dos mesmos colaboradores, e que moitos destes formasen parte das Irmandades da Fala e participaban non só no voceiro destas senón en diversos xornais, revistas e publicacións da época. Aínda así cómpre repararmos en que no boletín das Irmandades saúdanse continuamente as iniciativas tomadas por outros

xornais, debido a que estes tamén son un importante foco de difusión para a asociación e as súas propostas, sexan estoura prensa escrita en galego ou non.

El Pueblo Gallego nace cando *A Nosa Terra* percorrera unha importante andaina xornalística, xa que logo, o camiño do nacionalismo dera pasos importantes e podíase considerar alicerzado o labor que estaban a realizar as Irmandades desde o 1916. Esta tarefa de recuperación lingüística callara nunha certa parte da sociedade que era máis comprensiva coas reivindicacións do movemento iniciado polos coruñeses. Entrado a ano 1926 o xornal vigués toma un novo rumbo onde o galego principia a xogar un papel máis importante do que até o momento desenvolvía, saúdase desde *A Nosa Terra* un moi interesante artigo que publicara recentemente en *El Pueblo Gallego*, e, para alén de facerlle unha pequena recensión recóllese íntegro asumindo as Irmandades o que alí se afirma, posto que este artigo do xornal vigués «Lede as cousas que se escriben en galego» (S.A., 1926) encadra perfectamente na política da lingua que está a levar a cabo o grupo coruñés:

Con estes títulos publicou o noso querido colega de Vigo «El Pueblo Gallego» a nota que copiamos a continuación por considerala reveladora d'un fondo galeguismo na orientación do excelente xornal e exempro dino de ser imitado por toda a prensa de Galicia, que salvo lixeiras e lumiosas excepcións parece que está aferrada a vivir de costas á Terra e aos seus problemas mais interesantes.

«El Pueblo Gallego» decatándose dos tempos en que vivimos e de que o problema galeguista é algo mais serio e trascendental do que moitos esceiticos coidan, contribuíe, con estas notas e publicando constantemente orixinás en galego a presentar o desenrolo do noso idioma, o interés pol-a sua lectura e o espertamento da conciencia galeguita dos galegos. Non precisamos dicir con canta ledicia seguimos a sua labor xá que constituíe unha axuda; que moito agradecemos, na tarefa que desde fai tempo temos nós, ao noso cárrago.

Un dos piares da política das Irmandades foi conseguir a ampliación de ámbitos e usos da lingua galega. Nesta liña, é preciso lembrar a Antón Vilar Ponte cando afirmaba «Os idiomas, témol-o provado moitas veces, non son, mais importantes pol-a sua extensión que pol-o seu valor cultural e político» (Villar Ponte, A., 1920), así e motivado pola importancia que desde os homes das Irmandades se lle daba á cuestión lingüística, nun artigo que aparece no número 123 do boletín coruñés afirmase: «Galicia somente escomezará a ser próspera e grande cando un artigo publicado en galego n'un xornal galego, pese o mesmo, ou mais, qu'escrito en castelán». Esa época de prosperidade chegou coas Irmandades e con elas comezará un proceso que se estendeu até os nosos días e cuxo legado de comezos de século é incuestionábel, non só porque moitas das súas reivindicacións aínda son aplicábeis á situación lingüística actual do galego, senón tamén porque o que Ramón Vilar Ponte denominara política da lingua e actualmente se sinala como normalización lingüística buscaban un mesmo fin, a normalización da lingua galega no seu propio país e o revertemento do proceso de substitución lingüística.

1. *A Nosa Terra* e o compromiso lingüístico

Desde aquel 9 de agosto de 1907 en que sae á rúa o primeiro número do xornal *A Nosa Terra*, como voceiro de *Solidaridad Gallega*, e, a pesar de ser o bilingüismo con predominancia do español unha das características desa primeira etapa, esta cabeceira sería un punto de referencia para o rexionalismo que uns anos despois pasaría a se denominar nacionalismo³.

No 1916 as Irmandades da Fala recuperan esta xornal. O 14 e novembro sae na Coruña como boletín decenal baixo o lema *Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal*; esta segunda etapa remataría o 17 de xullo de 1936. A súa publicación ao longo destes 20 anos padecerá pequenas parénteses, mais na década en que nos estamos a centrar estas foron case inapreciábeis, e nunha grande parte dos casos debidas a problemas coa imprenta, e decatándonos de todas as ocasións en que a man censuradora deixou pegada nas súas páxinas, especialmente desde 1923 coa chegada da ditadura do xeneral Primo de Rivera.

Unha das características esenciais do voceiro das Irmandades é o monolingüismo en galego, unha vez superada a primeira etapa de *Solidaridad Gallega*, este xornal asumirá un papel moi importante como dinamizador sociocultural e sociolingüístico da lingua. En moitas ocasións, e ao longo dos artigos que van aparecendo no voceiro, amósase a novidade que supuxo a súa recuperación; así, no número 8 do boletín, nun artigo asinado por Manoel Ponte de Fontán afirmase o seguinte, como escusa para introducir o tema da diferenciación entre lingua e dialecto:

Por non sei que artes de diáñica meiguería veu parar ás miñas mans un número do boletín A Nosa Terra esquirto todo il no noso idioma, e non dialeuto, coma deron en chamarlle os casteláns, ás falas gallega, catalana e vasca.

Nesta comentario advertimos a novidade que supuxo a aparición d'*A Nosa Terra* e albiscamos a apertura dunha xanela á discusión sobre as ideas que arredor da lingua que existían na sociedade galega do momento. Este debate máis adiante converterase en necesario para lexitimar un uso visíbel do galego, non só na prensa, senón tamén en ámbitos en que até o momento fora proscrito e que cumpre abarcar para levar adiante o proxecto de normalización lingüística que con tanta ilusión iniciou o grupo coruñés das Irmandades, e que proseguiron o resto delas á vez que se estendían ao longo de todo o país.

A Nosa Terra, tal e como a define A. Eiré, é unha das cabeceiras históricas do nacionalismo galego e «apostou sempre pola defensa da identidade nacional e dos intereses de clase que a conforman. A normalidade do idioma foi un dos baselares en que os solidarios Manuel LUGRÍS, Rodrigo Sanz, Xan Golpe e Moreno Bárcia asentaran a fábrica desta idea colectiva feita expresión escrita»⁴. Desde *A Nosa Terra* ábrese o debate dunha visión da sociedade galega mentres que unha grande parte da prensa da época está sempre disposta a pactar cos representantes do pensamento conservador e continuísta. Antón Vilar Ponte escribía profético en 1916 explicando o porqué da fecundidade intelectual:

Este boletín é de todos os galegos. A sua dona é Galiza enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as suas follas serán dignas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época (Villar Ponte, A., 1916a).

Desde os primeiros números do boletín coruñés incídese na valorización da lingua galega coma un dos trazos fundamentais do pobo galego, utilizando este argumento para reclamar a oficialidade do idioma, tal e como fai Dámaso Calvo no número 5, até para afirmar que esta nova política feita en galego está elaborada nunha lingua na que aínda non enganaron á xente, e así, cómpre lembrar exemplos doutros pobos coma o xudeu ou o polaco que manteñen a súa personalidade grazas á lingua, mesmo a pesar de os primeiros non teren territorio. Tamén incide neste tema Euxenio Charlón no artigo «O enxebrismo tragneranos o progreso e a libertá» publicado no boletín do 16 de febreiro de 1917. Afirmase

en múltiples ocasións que «a alma dos pobos é o idioma», como acontece en «O idioma por riba de todo» até o punto de dramatizar afirmado que ao ser a alma dos pobos o idioma, cando mudamos a lingua pola estranxeira, trocámola por unha estraña:

Quen non teña unha y-alma de seu, non pode ser nada no mundo. A y-alma dos pobos é o idioma; e nos deixamos perder a nosa y-alma, trocándoa pol-as imposicións d'unha alma estrana (Villar Ponte, A., 1917c).

A lingua galega será o eixe que move o voceiro das Irmandades, as referencias á cuestión lingüística aparecen en case todos os xornais ben directa ben indirectamente. Agora ben, estas reflexións non teñen a ver co corpus lingüístico na maior parte dos casos, aínda que, evidentemente estas ocupan un importante espazo ao longo destes dez anos. O eixe que move a praxe das Irmandades é a chamada política da lingua, que ben poderíamos pór en relación coa política lingüística actual, tendo en conta que o fin é semellante, aínda que as diferenzas son obvias e impostas pola época en que esta asociación actuaba, mais o certo é que existía unha clara vontade de mudar a realidade lingüística coas súas campañas, artigos, reivindicacións etc.

Hai varios artigos que remiten directamente ao labor que a impresión e difusión deste xornal cumpre para as Irmandades, de feito, resulta moi interesante cando nos distintos aniversarios de recuperación da cabeceira se lembra todo o que se fixo desde a súa recuperación, o que as Irmandades traballaron e o que *A Nosa Terra* axudou a isto. No mesmo artigo que mencionabamos enriba de Manoel Ponte de Fontán, afirma este colaborador o seguinte:

Moito me agradou vere que todo il estaba esquirto no noso idioma, mais o que m' encheu de regocixo e fíxome derrotalo fol d' alegría preporzonándome o día de maor satisfazón da miña longa e xa cansada vida, foi ó lere os artigos que traía, nos que brila un santo refrexo de ideyas nazonalistas nas que adoito penséi, e as que quixera vere feitas realidades enantes que pecha-los ollos, que han cobrire pr'a miña disgracia e contr'a miña vountade, a terra da non patria miña (Ponte de Fontán, 1917).

Podemos observar na fonda alegría do autor do artigo como verdadeiramente o proxecto das Irmandades que irá ficando plasmado no seu voceiro ao longo de diversos números era un proxecto transformador que pretendía mudar radicalmente e desde a intransixencia en moitos casos⁵, a situación sociolingüística do galego naquela altura. A importancia da prensa en galego para a superación mesmamente de moitos prexuízos cara á nosa lingua que a consideraban inferior, ficará reflectida nun outro artigo a que tamén xa fixemos referencia en varias ocasións e que é o titulado «Lede as cousas que se escriben en galego» (S.A., 1926), recollido de EPG onde se publicara nun primeiro momento e asumido así polas Irmandades, dirixíndose a «labradores, mariñeiros e homes de vila» para que se animen a ler e se afagan ás cousas escritas en galego e mesmo lles indica lugares onde están á súa disposición este tipo de materias; existe, por tanto, unha clara vontade de espallamento da escrita en galego que ten como principais promotores a xente que xira arredor do núcleo das Irmandades. Como se pode ver neste artigo, esta nova etapa do xornal coruñés abre unha vía de esperanza para o colectivo interesado polo idioma e polo país que olla o futuro con máis esperanzas, coa ilusión da posibilidade de que as cousas muden. Nesta liña, tamén é preciso que lembremos as palabras do pequeno dos Vilar Ponte en «Puntos de vista. Vai sendo hora...» de 1920:

Xa levamos os «bos e xenerosos» mais de tres anos de autuazón, e aínda qu'os trunfos conqueridos foron moitos e o número de prosélitos abranguido é pra enchere de ledicia aínda aos mais descontentos, non por iso poden deixárese de asiñalare certos luares d'aquel autuare, luares que, con pouco de bon desexo e iste, afortunadamente abonda—desaparecerán casi de súpeto, tan axiña como nós queiramos.

Martís Morás no segundo número do voceiro coruñés nun artigo que revela o seu contido desde o propio título «Dimpois da primeira saída» (1916) fai unha reflexión tras a saída do primeiro número de *A Nosa Terra* relatando a grande ilusión polo proxecto que axuda ao renacemento da fala e o interese e a curiosidade que este despertou en determinados sectores da sociedade galega, xa que unha gran parte dos comentarios estaban relacionados directamente co modelo de lingua empregada polo boletín das Irmandades. Comeza, por tanto, o debate do corpus da lingua galega desde os primeiros números do xornal, dándoselle oportunidade a un idioma que até o momento non fora traballado a fondo desde unha perspectiva filolóxica, e, sobre todo, foron moitos os comentarios que se fixeron arredor da linguaxe empregada nestes números iniciais.

Por último, cómpre lembrar un dos máis interesantes artigos que aparecen nos primeiros anos da andaina do xornal nacionalista, este é o titulado «A lingua, úneca arma invencible»⁶, publicado o 24 de novembro de 1916, onde se lembra que *A Nosa Terra* naceu coa misión de termar da propaganda en lingua galega rebaténdolle ao xornal coruñés *El Noroeste* que só utiliza a lingua galega como instrumento poético e musical advocándoa a un nivel primario de elaboración, para admitir así que non a considera apta para que supere o marco das parcelas lingüísticas a que historicamente a relegou a presión do español. Resta, cando menos, lembrar unhas palabras de Margarita Ledo Andión na introdución á edición facsimilar de ANT con relación á importancia que para o nacionalismo predicado polas Irmandades terá a importancia da edición do seu voceiro:

O primeiro elemento deste modelo é o idioma, que desde o espazo editorial de presentación califícase como *inalienábel*, como símbolo do nacionalismo. Facer acordar á cidadanía galega que latexa no bloque social que se quere consensuar e afirmarse, *naturalizarse*, entre a súa audiencia tipo-tara dinamizar a idea da transformación, só posíbel a través do galeguismo político, será a liña evolutiva que modula os seus obxectivos.

2. A prensa diaria e o galego, *El Pueblo gallego* como exemplo

Como indicamos anteriormente, e en contraposición ao xornal coruñés *A Nosa Terra*, o eixe da publicación de *El Pueblo Gallego* non será a defensa e reivindicación da lingua galega do xeito en que a promocionou o voceiro das Irmandades. Porén, desde o 27 de xaneiro de 1924 en que sae o primeiro exemplar do xornal vigués, un dos esteos deste xornal, para alén de dar conta das novas da cidade en que sae do prelo, será a defensa dos intereses de Galiza, como moi ben se sinala neste desde o comezo. O primeiro número estaba formado por 31 follas, unha cantidade importante de páxinas para unha publicación daquela entón, e, máis aínda tendo en conta que era un xornal diario, e que as intermitencias na súa publicación serán moi escasas; confróntase así á periodicidade con que se publica *A Nosa Terra*, que adoitaba ser quincenal, aínda que a medida que decorran os anos pase a ser mensual, e o seu tamaño varíe entre as 7, 8 ou 9 follas, mais non moito máis, agás que fose unha data especial, como o 25 de xullo, ou pola imposibilidade de publicación nunha quincena se introducisen os contidos de dous xornais nun só boletín.

En casos coma o deste diario, e sobre todo nos primeiros anos, a lingua galega estará case ausente da cabeceira. Desde os primeiros números darase noticia dalgúns dos colaboradores deste, entre eles aparecen nomes como Vicente Risco e Lois Peña Novo, homes ligados fundamente ás Irmandades. Máis aló de que o primeiro deles fose un dos fundadores da Irmandade Nazonalista Galega e que haxa un claro litixio coa Irmandade coruñesa, os escritos políticos destes dous colaboradores do xornal vigués servirán tamén para a recuperación da conciencia do país, agora ben, non podemos obviar que as reflexións lingüísticas referentes non só ao corpus senón tamén ao status non ocupan un grande espazo nesta cabeceira, ou, cando menos, non o ocupan con relación ao do tratamento deste tema no voceiro das Irmandades.

A respecto da cuestión lingüística, e concretamente ao grao de uso do galego nas páxinas do xornal vigués é preciso sinalar varios aspectos interesantes. Primeiramente, algúns colaboradores do diario como Vicente Risco, José Lesta Meis, Ribas Montenegro, Gerardo Álvarez Limeses ou Johán de Loira escriben sempre en galego, sendo dos poucos colaboradores de *El Pueblo Gallego* que practican o monolingüismo nunha columna xornalística que adoita ser escrita na nosa lingua. Á vista dos feitos podemos inferir que non tiñan un maior problema en empregar o galego, agora ben, e sendo a pragmática un dos piares do xornal vigués, eran conscientes de que esta opción lingüística, no caso de ser a única, diminuíría o número ou quizais a periodicidade das colaboracións. Na altura de fins de 1925 e ao longo do 1926, o tema da recuperación da conciencia nacional e a manifestación do conflito lingüístico como un alicerce básico desta están no centro do debate e o xornal vigués comezará timidamente a facer unha decidida aposta pola lingua galega incorporando máis seccións en galego. Este último feito virá motivado por factores colaterais como a incorporación de Antón Vilar Ponte como colaborador habitual², ou a apertura de seccións como a famosa *Tribúa aberta* onde se buscará, por medio da colaboración de quen quixer facela, unhas pautas para a codificación da lingua galega, achegando cada quen as súas propostas de normativización.

Para alén dos colaboradores a que enriba aludimos, resultan sumamente interesantes os deseños que aparecen case diariamente na primeira paxina do xornal vigués, que adoitan ser asinados por Lameiro, Xan, Vidales Tomé, Manolo Romano ou propio Castela, aínda que tamén colaboran outros debuxantes menos frecuentemente, e, cando menos, cando os autores son algúns destes colaboradores, as reflexións que nestas atopamos son sempre en galego. Esta sección cobrará importancia co tempo e, aínda que nun primeiro período desta década o monolingüismo sexa unha característica desta sección, co tempo aparecerán máis deseños coas reflexións en español. Aínda así resulta moi interesante achegármonos a algunhas delas en que as reflexións lingüísticas ou sociolingüísticas son o eixe temático. Deseguido recolleamos algúns exemplos.




Manolo Romano, *El Pueblo Gallego*
(27-11-1924), 261.

Neste deseño revélanse claramente varios dos prexuízos que existían cara á lingua galega naquela altura. Por unha banda, comeza o problema da transmisión interxeracional, a posibilidade de ascensión social mediante a adquisición da lingua dominante fica reflectida na realidade sociolingüística desde o momento en que aos nenos e nenas se lles priva da lingua que os propios pais e nais utilizan e o contorno emprega acotío. Por outra banda, o estereotipo das persoas que falan en galego é o de xente de clase social máis baixa, mentres que as que falan en español teñen un maior poder adquisitivo, isto influirá dun xeito determinante nos estereotipos de galegofalante que se utilizaron como máis unha arma de desprestixio na contra da lingua dominada na situación de conflito lingüístico existente no país.

Esta mesma situación fica reflectida no deseño do lado, onde dúas mulleres conversando afirman «yo no concibo como hay quien llama señoritas a alas que hablan en gallego», mais nesta ocasión coa característica engadida de que as mulleres sufrirán duplamente as mofas por falaren en galego, primeiro polo desprestixio da lingua, e segundo porque polo feito de seren mulleres xa estaba expostas a moitos máis condicionamentos as súas actitudes lingüísticas. Lembremos que tamén García Blanco (1912; 7) afirmaba que os prexuízos con que na altura contaba o galego estaban moito máis acusados no «belo» sexo xa que as mulleres deixarían de ser belas, delicadas e graciosas se delas se sospeitase que empregaban o *feo, tosco e insípido falar galaico*⁸.

Tamén no seguinte deseño de Viales Tomé advírtese, por un lado, a consciencia de quen fala galego da situación de deserción lingüística que se está a producir e a relación directa que esta pode ter coa ascensión na escala social e económica, mais, por outro lado, a negación dos propios galegos da condición de tal e a imposibilidade de ocultalo que crea situacións cómicas, tal e como a que se nos presenta nesta ocasión ao utilizar a gheada falando en español e seguir, así mesmo, negando que é galego. Non podemos obviar que o debuxante pretende advertir unha certa actitude crítica de cara a esta situación que fica reflectida na face do galego que non renega da súa lingua, nin aproba que o interlocutor abandonase a que parece ser a súa lingua primeira.



Viales Tomé, El Pueblo Gallego (25-4-1924).



Viales Tomé, El Pueblo Gallego (31-12-1924).

Achamos, por tanto, que a pesar de que a lingua habitual e maioritaria do xornal sexa o español hai unha clara conciencia por parte de quen traballa nel da existencia dun conflito lingüístico que fica reflectida nestes e noutros moitos deseños que atopamos ao longo destes dous anos. Pois ben, ademais dos deseños que se incorporan, case sempre, na portada, outros colaboradores que utilizarán esporadicamente a lingua galega no xornal vigués serán Aboín e máis Juan Jesús González, que, en moitas ocasións, e mesmo dependendo do tema, recorrerán ao español se o considerar necesario.

Noutra orde de cousas, moitos dos artigos escritos en galego non están asinados, ao igual que xa acontecía en *A Nosa Terra*, e cobran unha especial relevancia os que se incluíron ao longo de moitos números nunha sección denominada *Xérmolas*, que foi unha das pioneiras neste xornal ao ser escrita en galego e tratar sempre cuestións referidas ao país. Xunto a esta, temos de subliñar a importancia que acadaron, sobre todo xa a partir de 1925 outras seccións como *Aquí pra entre nós*, *Tear*, *Temas galegos*, *Decrúa* ou *Vieiro* que tamén foron escritas incondicionalmente en galego para tratar diversos temas, dando así un exemplo da validez que a nosa lingua tiña para calquera temática e en calquera ámbito e, á vez, espallando novos usos do galego.

Unha das eivas máis importantes que lle podemos atribuír ao xornal vigués é a continua utilización dos topónimos castelanizados. Unha sección fixa ao longo do período temporal con que traballamos neste xornal é a chamada *Información regional-de nuestros corresponsales*, pois nesta é onde se recollen o maior número de aberracións lingüísticas en topónimos como **Orense*, **Puentearreas*, **Bayona*, **Sangenjo*, **Goyán*, **Sotomayor*, **Tuy*, **Villagarcía*, **La Guardia*, **Caldas de Reyes*, **El Ferrol*, **Villanueva de Arosa* e un longo etcétera. Resulta, cando menos, curioso, e á vista doutros artigos a que en posteriores apartados faremos referencia, que a pesar da consciencia do conflito lingüístico que por veces agroma nos artigos do xornal vigués, esta cuestión non sexa obxecto de reflexión por parte dos seus colaboradores, tratándose de máis un dos síntomas de asoballamento, neste caso, da tradición onomástica galega.

3. Conclusións

A importancia destes dez anos que estudamos (1916-1926) radica nas inquietudes que desde a asociación das Irmandades da Fala podemos observar nas denuncias da existencia dun conflito lingüístico e dunha situación diglósica coma un dos temas constantes na cabeceira coruñesa. É incuestionábel aludirmos ao importantísimo labor que neste segundo renacemento cobrou a defensa da lingua con obvias mudanzas canto ao período rexurdimentista anterior, a prensa xoga un papel crucial e na actualidade sérvenos de testemuña da situación social da lingua e das propostas prácticas que se pretendían levar a cabo no proceso de recuperación no primeiro cuartel do século. Entre as dúas fontes con que traballamos, e séndomos conscientes disto desde o comezo da investigación, hai unha moi evidente diferenza non só cuantitativa senón tamén cualitativa no uso do galego, posto que mentres que en *A Nosa Terra* estamos diante dun xornal completamente monolingüe en galego, *El Pueblo Gallego* non só é escrito en español, senón que o galego ocupa unha ínfima parte de todo o publicado nel, para alén de que estas colaboracións na nosa lingua vaian aumentando significativamente desde apertura da cabeceira en 1924 até a data superior con que traballamos, finais de 1926.

O labor das Irmandades no campo da concienciación social como piar para a recuperación lingüística xúlgase como impagábel mesmo desde óptica actual en que o marco sociolingüístico,

cando menos de cara á sociedade, presenta unha menor hostilidade no proceso de normalización lingüística. Partindo da base da existencia dunha complicada situación sociolingüística na época e tras un detallado coñecemento desta e denuncia dos males que perseguen o idioma galego, as Irmandades comezan un proceso de revitalización da lingua que basearán no labor de recuperación da consciencia social do idioma como pilar indispensable na (re)construción do país.

Canto á situación social da lingua cómpre dicir que segue as liñas deseñadas no período anterior, mais co agravante de que, segundo decorran os anos, a mobilidade social sería máis accesíbel para algunhas clases que comezarán a tirar proveito das vantaxes do uso do español, cando esta é lingua imposta, e a propia está totalmente marxinada do ámbito público. Hai varias cuestións fundamentais que provocan a deserción lingüística do galego cara a lingua do Estado, mais principalmente e no fondo da motivación están, por un lado, os prexuízos que o estado centralista se encargou de asignar aos galegofalantes e, por outro lado, as vantaxes a que anteriormente aludimos de non falar unha lingua proscriba do ámbito público e limitada aos espazos privados. Os prexuízos cara á lingua galega, mais tamén cara aos seus falantes deixarán unha moi importante pegada na conciencia colectiva do pobo galego de xeito que ideas como a non aptitude do idioma para todos os ámbitos e rexistros, ou a idioma galego coma signo de incultura e idioma ordinario, terán de ser combatidos no discurso de recuperación de prestixio social levado a cabo polas Irmandades da Fala continuamente a través de artigos xornalísticos de opinión publicados no seu boletín.

O papel que desempeñou a xente vinculada ao grupo inicialmente coruñés na restauración da lingua foi imprescindible para a recuperación dos espazos roubados secularmente ao idioma galego. A importancia non só da asociación en si mesma senón tamén do seu voceiro, ao incorporar a novidade de ser escrito única e exclusivamente en galego, está implícita e explícita en moitos dos textos publicados no propio boletín, onde se recollen as impresións que causou a saída dos primeiros números á vez que se intenta dar alento ao proxecto transformador das Irmandades. A mudanza cualitativa e fundamental a respecto do primeiro renacemento radica nun compromiso militante coa lingua galega que se manifesta na realidade nunha coherencia entre teoría e praxe nos usos lingüísticos, práctica inexistente na actitude dos precursores do século anterior nunha grande parte dos casos. Non obstante, en moitas situacións, o emprego da lingua deixará de ser ritual, de cinxirse ao plano literario e ás intervencións públicas, para dar paso a unha nova

actitude fronte á situación de conflito lingüístico que non transixe no emprego da lingua e proclama a súa validez para todos os ámbitos e rexistros, nun intento de apertura de novos espazos lingüísticos para o galego. Así, a lingua galega pasará a ser *santo e seña* da Irmandade da Fala que fai un uso consciente do idioma como máis un grao de area no proceso de normalización e a prensa galega reflectirá isto e fai posíbel a achega na actualidade ao preciado legado histórico de comezos do século XX.

4. Bibliografía

Fontes primarias

- ARES MIRAMONTE, X. (1918) «A xeito de parola. O idioma galego é de moito proveito», *A Nosa Terra* (15-XI-1918), 72.
- ASIEUMEDRE [pseudónimo de Lufrís Freire] (1923): «Perden o tempo», *A Nosa Terra* (15-I-1923), 177.
- BIDEGAIN, E. (1917): «Falemos o gallego», *A Nosa Terra* (26-II-1916), 11.
- CALVO, D. (1916): (Sen título), *A Nosa Terra* (25-XII-1916), 5.
- CARBALLAL, R. (1916): «Tribuna libre. Das nosas cativas lendas», *A Nosa Terra* (24-XI-1916), 2.
- CARBALLAL, R. (1917a): «De min pra vos. ¿Tí sei que dormes», *A Nosa Terra* (20-III-1917), 13.
- CARRÉ, L. (1919a): «A Gramática Galega. Incógnita desfeita», *A Nosa Terra* (25-III-1919), 84.
- CARRÉ, L. (1919b): «O da fala. Resposta a Xaimiño», *A Nosa Terra* (5-IX-1919), 99.
- CARRÉ, L. (1923b): «Do noso idearium. A fala que nos une e nos alenta», *A Nosa Terra* (12-IX-1923), 192.
- CARRÉ, L. (1926a): «Tribúa aberta. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (31-VIII-1926), 803.
- CARRÉ, L. (1926b): «Tribúa aberta. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (12-IX-1926), 815.
- CASAS, V. (1926c): «Tribúa aberta. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (10-IX-1926), 812.
- C[ORREA] C[ALDERÓN], E. (1919), «De Correa Calderón. Divagacións sobor a modernidade do galego», *A Nosa Terra* (15-IX-1919), 100.
- ESPASSENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919a): «Pequenas consideirazóns. Importanza da lingua», *A Nosa Terra* (15-VI-1919), 91.
- ESPASSENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919b): «Verbas. Unha opinión», *A Nosa Terra* (25-IX-1919), 101.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1926): «Vieiro XII. Namentras non falemos a nosa lingua», *El Pueblo Gallego* (28-2-1926), 650.
- GONZÁLEZ, J.J. (1924a): «Ecos compostelanos. Nuestro comentario», *El Pueblo Gallego* (9-IV-1924), 66.
- GONZÁLEZ, J.J. (1924b): «Ecos compostelanos. Nuestro comentario», *El Pueblo Gallego* (15-IV-1924), 68.
- GONZÁLEZ, J.J. (1924c): «Ecos compostelanos. Nuestro comentario», *El Pueblo Gallego* (29-IV-1924), 80.
- IRMÁN, UN (1918): «Do íntimo. A Ramón Villar Ponte», *A Nosa Terra* (30-9-1918), 67-68.
- IRMANDADE DA FALA, A (1923): «Esta folla foi repartida profusamente pol-a Coruña», *A Nosa Terra* (23-VII-1923), 189.
- MARTÍS MORÁS, F. (1916): «Dimpois da primeira saída», *A Nosa Terra* (24-XI-1916), 2.
- MAUPERTE, R. DE (1926): «Tribúa aberta. O tema do noso idioma», *El Pueblo Gallego* (10-X-1926), 838.
- MUÍÑOS ADÁN, A. (1924a): «La extraña juventud. Y su autor el no menos extraño R. Villar Ponte», *El Pueblo Gallego* (30-XI-1924), 211.
- MUÍÑOS ADÁN, E. (1925): «Salpicaduras. El señor Villar Ponte (D. Antonio y yo)», *El Pueblo Gallego* (8-XI-1925), 245.
- MURGUÍA, M. (1917): «Verbas do noso patriarca», *A Nosa Terra* (26-II-1916), 11.
- LESTA MEIS, J. (1925a): «Aquí pra entre nos. Perxucios que nos causa a alteración da nosa toponimia», *El Pueblo Gallego* (10-I-1925), 298.
- LESTA MEIS, J. (1925b): «Aquí pra entre nos. Exemplos», *El Pueblo Gallego* (5-XI-1925), 555.
- PEÑA NOVO, L. (1923): «A Santidade da Lingua», *A Nosa Terra* (15-I-1923), 177.
- PONTE DE FONTÁN, m. (1917): «Pra evitare tortas interpretacións. Puntualicemos o noso pensamento», *A Nosa Terra* (25-I-1917), 8.
- PORTEIRO GAREA, L. (1916): «Verbas da nova inteleitualidade», *A Nosa Terra* (5-XII-1916), 3.
- PORTELA VALLADARES (1926): «Ensaio encol do galego» en «Bacelos», *A Nosa Terra* (25-ii-1926), 227.
- PORTO CASAS, M. (1920a): «Liñas dos novos. A nosa fala», *A Nosa Terra*, (25-II-1920), 113.

- PORTO CASAS, M. (1920b): «Notas d'un rapaz», *A Nosa Terra*, (10-V-1920), 119.
- QUINTO, X. (1918): «Anacos de parola. A esencialidade da lingoa» *A Nosa Terra* (20-I-1918), 43.
- RIBALTA, A. (1919): «O galego e o castelán», *A Nosa Terra* (15-IV-1919), 85-86.
- RISCO, V. (1926): «Tribúa aberta. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (11-IX-1926), 813.
- R.D. (1926): «Tribúa galega. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (5-IX-1926), 808.
- R.O. e C. (1926): «Tribúa galega. A fala galega», *El Pueblo Gallego* (9-IX-1926), 811.
- S.A. (1916a): «Redautores e colaboradores», *A Nosa Terra* (14-XI-1916), 1.
- S.A. (1917a): «Ramon Cabanillas, poeta de raza. Apuntes para un estudio (Folleton)», *A Nosa Terra* (30-XI-1917), 32.
- S.A. (1917b): «Un trunfo das Irmandades», *A Nosa Terra* (20-XI-1917), 37.
- S.A. (1917d): «A nosa porpaganda. Conferencias de Porteiro e Valcárcel», *A Nosa Terra* (20-XI-1917), 37.
- S.A. (1918a): «O teatro galego», *A Nosa Terra* (30-I-1918), 44.
- S.A. (1918b): «O ridículo Solá. Hay que termar da lingua», *A Nosa Terra* (10-III-1918), 47-48.
- S.A. (1918c): «No aniversario de dous poetas. Curros e Pondal», *A Nosa Terra* (10-III-1918), 47-48.
- S.A. (1918d): «Pol-o rexurdimento da fala. Concurso de novelas pequenas e de poemas», *A Nosa Terra* (20-VIII-1918), 64.
- S.A. (1918e): «Un grave problema. As escolas antigallegas», *A Nosa Terra* (30-IX-1918), 67-68.
- S.A. (1919a): «Louba do noso idioma», *A Nosa Terra* (25-I-1919), 78.
- S.A. (1919b): «Para un escravo. A lingua e os caciques», *A Nosa Terra* (5-II-1919), 79.
- S.A. (1919c): «Pra un escravo. A lingua e os caciques», *A Nosa Terra* (5-II-1919), 79.
- S.A. (1919d): «Cousas esenciais. O galeguismo s'impón», *A Nosa Terra* (25-III-1919), 84.
- S.A. (1919e): «Nos din de Betanzos...», *A Nosa Terra* (15-V-1919), 92.
- S.A. (1919f): «De Betanzos», *A Nosa Terra* (5-X-1919), 102.
- S.A. (1920a): «As Irmandades e o teatro galego», *A Nosa Terra* (15-VII-1920), 123.
- S.A. (1920b): «A Academia Galega e os Nazionalistas en Mondariz», *A Nosa Terra* (25-IX-1920), 128.
- S.A. (1921a): «A nosa lingua vai impóndose», *A Nosa Terra* (1-II-1921), 133.
- S.A. (1921b): «O noso idioma» *A Nosa Terra* (31-3-1921), 137.
- S.A. (1922a): «A Irmandade da Fala da Coruña», *A Nosa Terra* (1-IV-1922), 160.
- S.A. (1922b): «En poucas verbas», *A Nosa Terra* (31-VIII-1922), 169.
- S.A. (1922c): «14 de Novembro de 1916», *A Nosa Terra* (15-XI-1922), 173.
- S.A. (1923): «En poucas verbas», *A Nosa Terra* (1-I-1923), 176.
- S.A. (1924a): «Nuestras visitas. El doctor Cotarelo dice...», *El Pueblo Gallego* (4-III-1924), 33.
- S.A. (1924b): «Na nosa gabanza», *El Pueblo Gallego* (8-III-1924), 36.
- S.A. (1924c): «Os idiomas rexionás», *A Nosa Terra* (1-VII-1924), 202.
- S.A. (1924d): «A nosa cultura e a nosa arte. Festa da lingua galega», *A Nosa Terra* (1-IX-1924), 204.
- S.A. (1924e): «Temas galegos. O xenio d'a lingua e a pasión contida», *El Pueblo Gallego* (27-XII-1924), 596.
- S.A. (1925): «Ao decorrel-os días», *A Nosa Terra* (1-XII-1925), 219.
- S.A. (1926a): «Temas galegos. Lede as cousas que se escriben en galego», *El Pueblo Gallego*, (3-I-1926), 602.
- S.A. (1926b): «Temas galegos. Lede as cousas que se escriben en galego», *A Nosa Terra* (1-II-1926), 221.
- S.A. (1926c): «Temas galegos. Como fala o pobo», *El Pueblo Gallego* (17-VI-1926), 739.
- S.A. (1926d): «1916-1926», *A Nosa Terra* (1-XII-1926), 231.
- SACO E ARCE J. (1920): «Os mortos mandan. O idioma», *A Nosa Terra* (5-IX-1920), 218.
- SANTOS VILA, A. (1918): «Galego e castelán ou o castelán pol-o galego», *A Nosa Terra* (30-X-1918), 67-68.
- VILLAR PONTE, A. (1916a): «A bandeira ergueita», *A Nosa Terra* (14-XI-1916), 1.
- VILLAR PONTE, A. (1916b): «A lingua, úneca arma invencible», *A Nosa Terra* (24-XI-1916), 2.
- VILLAR PONTE, A. (1917a): «A fronteira percisa» en «Ferrol-Cruña. Unha nova xornada galleguista. O enxebrismo tragneranos o progreso e a libertá», *A Nosa Terra* (16-II-1917), 10.
- VILLAR PONTE, A. (1917b): «A esencialidá do gallego» en «Ferrol-Cruña. Unha nova xornada galleguista. O enxebrismo tragneranos o progreso e a libertá», *A Nosa Terra* (16-II-1917), 10.
- VILLAR PONTE, A. (1917c): «O cabalo de batalla. O idioma por riba de todo», *A Nosa Terra* (10-II-1917), 36.
- VILLAR PONTE, A. (1917d): «A maor proba d'escravitude», *A Nosa Terra* (30-XII-1917), 40-41.
- VILLAR PONTE, A. (1918a): «As cousas coma son. O idioma, bandeira. O noso rexionalismo, único verdadeiro», *A Nosa Terra* (10-I-1918), 42.
- VILLAR PONTE, A. (1918b): «¡Adiante! O segundo aniversario da fundazón das Irmandades», *A Nosa Terra* (30-V-1918), 56.

- VILLAR PONTE, A. (1918c): «In memoriam», *A Nosa Terra* (5-XI-1918), 71.
 VILLAR PONTE, A. (1920): «Postaes. Imperialismo da língua», *A Nosa Terra*, (20-III-1920), 114.
 VILLAR PONTE, A. (1921): «Notas para un estudo. A decadencia do castelán», *A Nosa Terra* (1-IX-1921), 146.
 VILLAR PONTE, R. (1918a): «Verbes e consideraciós», *A Nosa Terra* (10-II-1918), 45.
 VILLAR PONTE, R. (1918b): «A necesidade de aución», *A Nosa Terra* (10-III-1918), 47-48.
 [VILLAR PONTE], R. (1918c): «Fixando puntos. A nosa eterna custión», *A Nosa Terra* (20-VIII-1918), 64.
 [VILLAR PONTE], R. (1918d): «Fixando puntos. A base nazionalista», *A Nosa Terra* (10-IX-1918), 66.
 [VILLAR PONTE], R. (1918e): «Fixando puntos. O sentimento da patria», *A Nosa Terra* (30-XI-1918), 67-68.
 [VILLAR PONTE], R. (1919a): «Verbas acesas», *A Nosa Terra* (5-V-1919), 88.
 [VILLAR PONTE], R. (1919b): «Verbas acesas», *A Nosa Terra* (15-V-1919), 89.
 [VILLAR PONTE], R. (1919c): «Verbas acesas», *A Nosa Terra* (25-V-1919), 90.
 VILLAR PONTE, R. (1920): «Puntos de vista. Vai sendo hora...», *A Nosa Terra* (25-IX-1920), 128.
 VIQUEIRA, J. (1918): «A nosa lingua», *A Nosa Terra* (20-IV-1918), 52.
 VIQUEIRA, J. (1919): «Da renascenza lingüística», *A Nosa Terra* (6-I-1919), 77.

Fontes secundarias

- ÁLVAREZ GARCÍA, I. (coord.) (1989): *O libro galego, onte e hoxe, 1988* (Santiago de Compostela: Federación de Libreiros de Galicia)
 AMMON, U. (1989): *Status and Function of Languages and Language Varieties* (Berlín/New York: Walter de Gruyter).
 ANDRÉ, L. E. (1931): *Galleguismo. Lucha por la personalidad nacional y la cultura* (Madrid: Imprenta Murillo).
 BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (no prelo): «Ramón Vilar Ponte, testemuña e intérprete da historia de Galicia», en Blanco Echauri, X. (ed.): *Actas do Simposio Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos despois. Lugo, 16, 17 e 18 de xaneiro de 2003*.
 Beramendi, J. G. (1991): *Obra política de Ramón Villar Ponte* (Sada, A Coruña: O Castro).
 Beramendi, J. G. / Núñez Seixas, X. M. (1996) [1995]: *O nacionalismo galego* (Vigo: Promocións Culturais Galegas).
 Beramendi, J. G. (no prelo): «Ramón Villar Ponte no nacionalismo galego», en Blanco Echauri, X. (ed.): *Actas do Simposio Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos despois. Lugo, 16, 17 e 18 de xaneiro de 2003*.
 Calvet, Louis-Jean (1993): *Lingüística e colonialismo. Pequeno tratado de glotofaxia* (Santiago de Compostela: Laivento)
 CALVET, LOUIS-JEAN (1998): *A (socio)lingüística* (Noia: Laivento).
 CONSTENLA BERGUEIRO, G. (1997): *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra)
 FERNÁNDEZ PRIETO, L. / BARREIRO, M. M. (1996): *Prosa política no tempo das Irmandades da Fala*, Ansele Estraviz, A. / Sánchez Iglesias, C. (dirs.): *Historia da Literatura Galega*. Vol. 19 (Vigo: A Nosa Terra).
 FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. A. e RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. (coords) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. (Vigo: Real Academia Galega).
 FERNÁNDEZ SALGADO, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
 FREIRE LESTÓN, X.V. (1997): *A actividade editorial en Galicia (1850-1936)* (Vigo: Edicións do Cumio).
 GARCÍA BLANCO, M. (1912): *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).
 GARCÍA NEGRO, M.P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (Vilaboa- Pontevedra: Edicións do Cumio).
 GARCÍA NEGRO, M. P. (1999a): «As mulleres e os idiomas non normalizados, dúas realidades submetidas a mistificación» en *Sempre en galego* (Noia: Laivento).
 GARCÍA NEGRO, M. P. (2000a): «Mulleres e idioma galego: analoxía de dúas subordinacións» en *Direitos lingüísticos e control político* (Noia: Laivento).
 GARCÍA NEGRO, M. P. (2003): «Bases da Apolóxética da lingua galega en Ramón Vilar Ponte», en

- BLANCO ECHAURI, J. (ed.): *Actas Congreso Ramón Vilar Ponte* (no prelo) (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (2005): «O tempo das Irmandades da Fala», Dossier As Irmandades da Fala (I), *Terra e tempo*, 135: 42.
- GARCÍA TURNES, B. (1998): «A situación do galego entre 1875 e 1916: o abandono da lingua», *Grial*, 137: 43-55.
- GARCÍA TURNES, B. (1999a): «A situación do galego entre 1875 e 1916. Perspectiva sociolingüística», en KREEMER, D. (de) *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Volume II: 799-815 (Trier: Edicións do Castro / Publicacións do Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier).
- GARCÍA TURNES, B. (1999b): «Cultivo e elaboración da lingua galega no período da restauración (1875-1916)», en Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Volume I: 435-54 (Santiago de Compostela: Universidade).
- GARCÍA TURNES, B. (1999): «A lingua galega entre dous séculos (1875-1916): contribución á historia sociolingüística do galego», *Revista de Lengua y Literatura Catalana, Gallega y Vasca*, 6: 169-180.
- GARCÍA TURNES, B. (2004): *A lingua galega entre 1875 e 1916. Situación social e consciencia idiomática* (Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra).
- HENRÍQUEZ SALIDO, M. C. (1990): «**A Língua e a gramática nas Irmandades da Fala, «A Nosa Terra», (1916-1920)**», en Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza.
- HERMIDA GULÍAS, C. (1992a): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega (1840-1991)* (Vigo: Xerais).
- HERMIDA GULÍAS, C. (1992b): *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840- 1991)*. *Escolma de textos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- ÍNSUA LÓPEZ, E. (2002): *Antón Villar Ponte. Vida, obra, traxectoria cívica e pensamento*. 2 vols. Tese de Doutoramento inédita. Universidade de Santiago de Compostela.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. (2005): *Antón e Ramón Vilar Ponte: unha irmandade alén do sangue* (Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- ÍNSUA LÓPEZ, E. X. / Nuevo Cal, C. (2003): *O primeiro Antón Villar Ponte. Achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908)* (Lugo: Fundación Caixa Galicia).
- LEDÓ, M. (1982): *Prensa e Galeguismo* (Sada: Ed. do Castro).
- LUCA DE TENA, G. (1976): *Lengua, cultura y periodismo en Galicia (1876-1936)* (Madrid: Cuadernos para el diálogo).
- MOLINA, C. A. (1989): *Prensa literaria en Galicia (1809-1960)*. 2 vols. (Vigo: Xerais).
- MONTEAGUDO, H. (1995a): *Ideas e debates sobre a lingua: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*. Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, H. (1999): *Historia social da lingua galega* (Galaxia: Vigo).
- MONTEAGUDO, H. (2002): *Propostas e debates sobre o galego culto no período de entreguerras. I. Primeira etapa (1917-1927)*, separata da Revista Portuguesa de Filología, Vol. XXIV (Coimbra)
- QUEIZÁN, M. X. (1989): «A lingua galega e a muller» en *Evidencias* (Xerais: Vigo).
- PIÑEIRO, R. (1967): *A lingoaxe i as lingoas* (A Coruña: Real Academia Galega).
- PORTEIRO GAREA, L. (1917): *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago (28-Mayo-1916)* (Santiago: Tipografía galaica).
- PRIETO ALONSO, D. (2000): «Planificación lingüística do galego: Vicente Viqueira, mestre de dom Ricardo», en Rodríguez, J. L. (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol 1: 267-279 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade).
- RABUÑAL, Henrique (2005): *Palabra e patria. Escritos sobre a cultura, teatro e literatura galegas* (Noia: Laivento).
- RIOS BERGANTINHOS, NOA (2001): *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936). Ideologia e realidade* (Noia: Laivento).
- Rivas Barrós, S. (2002): *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas* (Sada, A Coruña: Ed. do Castro).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2006): «Introdución» en *Curso de Lingüística Xeral* (Noia: Laivento).
- Sanmartín Rei, G. (2004): «Ramón Vilar Ponte e os estudos sobre a lingua galega», *Estudos Galegos*, 4: 75-93.
- SANMARTÍN REI, G. (2006): «A contribución do discurso xornalístico de Ramón Vilar Ponte ao proceso de emerxencia do Segundo renacemento», en Maleval, M.A. Tavares / Salinas Portugal, F. (orgs.): *Estudos galego-brasileiros 2*: 299-324 (A Coruña: Universidade da Coruña).
- SANMARTÍN REI, G. (no prelo): «Ramón Vilar Ponte, un pioneiro da sociolingüística galega», en

- BLANCO ECHAURI, X. (ed.): *Actas do Simposio Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos despois. Lugo, 16, 17 e 18 de xaneiro de 2003.*
- SANTAMARINA, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia galega* (A Coruña: Real Academia Galega).
- SANTOS GAYOSO, E. (1990): *Historia de la prensa gallega 1800-1986* (Sada-A Coruña, Edicións do Castro).
- SAUSSURE, F. DE (2005): *Curso de lingüística xeral* (Noia: Laivento).
- TORRES REGUEIRO, X. (1987): *Xoán Vicente Viqueira e o Nacionalismo Galego* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro).
- TORRES REGUEIRO, X. (1991): «A Irmandade da Fala de Betanzos», Separata do *Anuario Brigantino*, 14.
- TUSON, J. (1992, 3ªEd.): *Mal de linguas. Arredor dos prexuízos lingüísticos* (Vigo: Empúries).
- Vázquez Souza, E. (2003): *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro).
- VILAVEDRA D. (coord.) (1997): «O bilingüismo como estratexia monolóxica nos albores da prosa galega de ficción (1880-1930)» en *Actas del X Simposio de La Sociedad Española de Literatura General y Comparada*. (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- VILAR PONTE, R. (2001): *O feito lingüístico galego* (A Coruña: ASPG) (Ed. de García Negro, P./ Sanmartín Rei, G.)
- VILLAR PONTE, A. (1916): *Nacionalismo Gallego. Nestra afirmación regional* (A Coruña: Tipografía obrera).
- VILLAR PONTE, R. (1977): *A xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño do 1951, na súa recepción por Don Ramón Villar Ponte e resposta de Don Ramón Cabanillas Enríquez* (A Coruña: Publicacións da RAG).
- VIQUEIRA, X. V. (1974): *Ensaio e poesías* (Vigo: Galaxia).

Notas

- 1 O tema do traballo fora sinalado por Lois Porteiro Garea, tal e como se indica na introdución deste, e foi el propio quen deu como recompensa un premio en metálico que entregara á caixa da Irmandade da Fala da Coruña.
- 2 É preciso matizar que nos estamos a referir a artigos da autoría dos colaboradores de ANT, hai casos en que se recollen extractos doutros xornais e a lingua en que aparecen é a mesma que a da fonte de onde os tiraron.
- 3 Recentemente, as *XVII Xornadas de Lingua e literatura*, o actual director de ANT, Alfonso Eiré, fixo unha achega para a historia deste clásico xornal nacionalista. Na súa conferencia, baixo o título *A Nosa Terra, cen anos facendo nación*, repasou os diversos momentos vividos pola cabeceira nacionalista até chegámonos á actualidade, lembrando algunhas das épocas complicadas polas que esta cabeceira atravesou.
- 4 Eiré, A., www.anosaterra.com (*A nosa historia*).
- 5 A intransixencia radicaba para eles no monolingüismo en galego e na non adecuación ao interlocutor no caso de este falar español, un feito puntual que aínda se dá na actualidade e que é unha boa mostra dos prexuízos cara á lingua propia, sempre considerada inferior á imposta.
- 6 A pesar de non aparecer asinado este texto, ao igual que outros moitos do viveirense, Ínsua López (2002: 692) resolve que sen dúbida ningunha se corresponde coa pluma de Antón Vilar Ponte. Nós identificaremos como de Antón Vilar Ponte, tanto no propio traballo como na bibliografía os textos que están sen asinar, seguindo o estudoso do maior dos de Viveiro, que afirma que foron escritos polo seu biografado.
- 7 Incorporábase ao xornal o 2 de febreiro de 1926 e colaborará co xornal vigués até o ano da súa propia morte, 1926.
- 8 Véxase a bibliografía, «A lingua galega e a muller» (Queizán, M. X., 1989), «As mulleres e os idiomas non normalizados, dúas realidade submetidas a mistificación» (García Negro, M. P., 1999) e «Mulleres e idioma galego: analogía de dúas subordinacións» (García Negro, M. P., 2000).